FOTOGRAFÍA
A Torre, viúva sen o ollar de 'Manito'
Páx. 6

NÓS

Xornal de Galicia SUPLEMENTO DE CULTURA 20 DE XUÑO DE 2009. NÚMERO 28

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

"O galego é de todos: dos que estamos, dos que marcharon e dos que están a chegar"

ENTREVISTA A AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

"Aspiro a chegar a todos os lectores, pero estou marcado"

Os escritores homenaxean hoxe en Vilalba, a súa terra natal, a Agustín Fernández Paz, un dos autores en lingua galega máis vendidos e traducidos. Acabada de saír 'Lúa do Senegal', prepárase para recoller en Teruel o Premio Nacional de 2008. POR **IAGO MARTÍNEZ** FOTOS **SONIA DAPONTE**

O escritor Agustín Fernández Paz, na súa casa de Vigo, onde vive dende hai vinte anos

Leva tantos premios que nin leva a conta nin quere facela. Élle tan obsceno como o inventario dos títulos publicados, que son moitos. Algúns, acabados de saír do forno, editados e reeditados en varias linguas e distintas coleccións, o mesmo para adultos que para mozas ou cativos, amoréanse no salón da súa casa de Vigo a canda os libros alleos, como eses de Joan Margarit que estes días repasa antes de coñecer persoalmente o poeta, co que vai coincidir en Teruel cando recolla o Premio Nacional que gañou o ano pasado por *O único que queda é o amor* (Xerais, 2007).
En realidade, dicir que Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) é un autor serodio é faltar á verdade. Sempre escribiu, pero antes de contarlles historias aos nenos, grandes ou pequenos, e antes de metelos en libros e non nos manuais de galego que facía cos seus compañeiros do grupo Avantar, este vigués adoptivo xa deitaba no papel as impresións de cada lectura e de cada filme que vía no cineclube da Coruña.
Xura, con humildade, que nunca eses trazos han ver a luz nun libro, como tampouco a tremoia das súas novelas. Garda, a razón dun título por cartafol, mapas de personaxes en papel continuo e naipes de fichas de cartón con puntos de xiro, conflitos e bosquexos de capítulos. É a trastenda da literatura. Todo o que Agustín Fernández Paz fai antes de abrir outro caderno de follas amarelas, sempre amarelas, e empezar a escribir a man, sempre a man, o primeiro borrador de cada novela.
Coa que está a caer, e sendo o autor de *Corredores de sombra* un docente que nunca deixou de selo, malia a estar prexubilado, non parece doado esquivar a cuestión da lingua. "A sociolingüística perségueme", confesa, un pouco a chanza, pero é que o asunto volve estar tamén no seu último libro. A protagonista de *Lúa do Senegal*, unha novela ilustrada por Marina Seoane que se quere sobre o drama da emigración, é unha nena que chega a Vigo no verán industrial, a poucos meses de entrar, por primeira vez na súa vida, nunha escola galega.

O conselleiro de Educación non tivo en conta ás nenas como Khoedi nin aos seus pais na consulta sobre as linguas. Só lles pregunta ás familias que xa teñen fillas escolarizadas.
O capítulo sobre as linguas escribino con moito coidado, porque o galego é de todos: dos que estamos aquí, dos que tiveron que marchar e tamén dos que chegan para quedar. Esta nena, Khoedi, no futuro será unha cidadá de Galicia, e a ela, que vén dunha realidade plurilingüe, non lle resulta raro que aquí

"A MIN O DE ESCRITOR VÉNME ANCHO. EU TÉÑOME MÁIS BEN POR UN NARRADOR. CONTO HISTORIAS"

"O GALEGO É DE TODOS: DOS QUE SEGUIMOS AQUÍ, DOS QUE TIVERON QUE MARCHAR E DOS QUE CHEGAN AGORA"

tamén haxa varias linguas. Foi un capítulo que me levou o seu. As limitacións son creativas, pero son limitacións. Eu tiña que escribir como vive a nena o asunto da lingua, non podía facer un tratado de sociolingüística. É, despois de todo, o que máis me gusta do labor de narrador: encarnarme nun personaxe, darlle voz. Nunca renuncio a expresar a miña visión do mundo, pero sobre todo conto historias. A min o de escritor vénme ancho. Téñome por un narrador.

Cre que o monolingüismo foi sempre a meta dos que tiñan un compromiso coa lingua, e que iso deixou baleiro ese espazo simbólico do bilingüismo que agora queren ocupar algúns?
A xente de Galicia Bilingüe, que ten a mentira como estratexia habitual, empeza mentindo no seu nome. O que queren é que nós fiquemos no gueto, que non os contaminemos. Opóñense, en realidade, á normalización social do galego. Unha cousa son os discursos políticos ou partidarios e outra a xente. Talvez houbo posturas coma esa, pero a maioría de nós, hai quince anos, defendiamos a mesma idea que agora: quen sabe galego, sabe máis. Queriamos, e queremos, que se poida vivir en galego con normalidade, algo que, sobre todo polos prexuízos, que son a nai do año, non se conseguiu nunca.

Imaxinou algunha vez, nos últimos vinte anos, un escenario como que atravesamos?
Era difícil imaxinalo. O problema fundamental foi, e segue a ser, o dos prexuízos. Son tan sólidos que é difícil arrincalos. Leva moito tempo. É un traballo a longo prazo. Con todo, algo avanzamos, con baixa intensidade pero avanzamos nesa loita. Menos do que quixéramos, se cadra, pero o galego foi gañando ámbitos de uso e de prestixio. Que acontece agora con este ataque feroz contra o galego? Que todo o traballo feito fica esfarelado. O dano que se fixo xa, nestes meses, é tremendo, e vai ser moi complicado curalo. Nin sequera os culpábeis son conscientes do mal que fixeron. Todas esas etiquetas –"lingua limitadora", "lingua imposta", "lingua radical"– vólvennos ao punto de partida. Os prexuízos antigos instálanse de novo e nacen outros novos. A desfeita é tremenda. Hai que manter sempre a esperanza, pero vainos custar moito refacer o traballo.

E cal é a mensaxe acaída?
Hai que reivindicar que a lingua é de todos. Un dos prexuízos máis efectivos é aquel que asocia o galego con determinadas ideoloxías e con determinados partidos. Os que queren destruír o galego tiraron moita rendibilidade deste prexuízo.

E ben? Cómpre afastar aos actores tradicionais? É preciso que o nacionalismo e a Mesa pola Normalización Lingüística, por exemplo, fiquen nun segundo plano?
Non se trata de arredar a ninguén, pero se a Mesa e o BNG capitalizasen en solitario a reivindicación do galego, moita xente non se apuntaría a ese carro. Todas as forzas que traballan a prol da lingua teñen que seguir facéndoo, pero hai que crear plataformas máis amplas nas que caiba moita máis xente. A lingua é de todos, dos que viven en Vilalba e votan á dereita e dos que están nas cidades e votan á esquerda.
E temos que renovar o noso argumentario, porque hai unha parte que estaba xa obsoleta. Hai que asociar a lingua a factores positivos e novos: cohesión, modernidade, internet... O malo é que temos as forzas financeiras, empresariais, mediáticas e políticas, as elites deste país, en contra. Desexarían que o galego desaparece ou quedase como un residuo folclorizante.

Sorprendido polas mostras de compromiso da sociedade civil?
En absoluto. Esperaba isto e moito máis. Vexo dificultades, pero tamén, como Manu Chao, creo que a próxima estación é a esperanza. Xa o dixen no meu discurso na entrega dos Premios Xerais: todo pode cambiar.
De nós depende. Só hai que construír un discurso ilusionante que contrarreste as mentiras



sistemáticas que están a verter. É complicado porque non temos os medios máis axeitados para facernos oír, pero temos a rede. E ademais somos moitos.

Que se persegue?
Xa que lle poñen adxectivos ao bilingüismo, nós querémolo simétrico. O mesmo marco legal para as dúas linguas. É tan de sentido común que parece imposíbel que non consigamos avanzar se nos expresamos coa claridade e o entusiasmo co que se hai que expresar.

A agresión é dupla no caso dun escritor en lingua galega?
Eu son tan poderoso co galego como calquera outro escritor do mundo coa súa lingua, pero entre os meus libros e os lectores aos que me dirixo hai unhas canles. Que pasa se esas canles quedan tupidas? Que pasa se os poderes públicos porfían en que un sector da cidadanía non teña competencia en galego? E o que é aínda peor: que pasa se persisten en crear prexuízos mentirosos sobre a lingua e nin sequera os que poden ler en galego se senten estimulados? É unha agresión tremenda, dende logo.

"RUÍZ ZAFÓN TIVO ÉXITO CUNHA NOVELA XUVENIL PUBLICADA NUNHA COLECCIÓN PARA ADULTOS, 'LA SOMBRA DEL VIENTO"

"SE O BNG E A MESA CAPITALIZASEN EN SOLITARIO A DEFENSA DA LINGUA, MOITA XENTE NON SE APUNTARÍA"

Pero ao tempo que se atenta contra a base da literatura, que é o lectorado, a Consellería de Cultura renova o seu apoio institucional á cultura galega.
Hai que ser moi arriscado para dicir abertamente o que se pensa. A maioría da xente di unhas cousas e logo fai outras. A min as palabras parécenme moi ben, pero debo xulgar as persoas polos seus feitos e non podo esquecer, porque formei parte do equipo que o elaborou, que moitos dos deputados do PP que agora se opoñen ao galego votaron a favor do Plan Xeral de Normalización Lingüística, que se aprobou por unanimidade en 2004. Había un consenso e estano rompendo. O dano que están a facer é tan grande que só se pode compensar se a reacción cidadá da dignidade ferida é suficientemente ampla, como eu espero que sexa.

Dise adoito que Fernández Paz chegou serodiamente á literatura, que primeiro foi mestre e logo autor. Onde prende a súa literatura?
Se escribo é porque son lector, e son lector por meu pai. Músico e carpinteiro, tiña o vicio da lectura, cousa pouco habitual nunha vila galega dos anos cincuenta. Tiña na casa un número de libros que hoxe nos parecería ridículo, non sei, setenta ou oitenta, pero que daquela eran moitos. Verne, Poe, Stevenson, Salgari... Todo aquilo. Foi el quen nos meteu aos fillos o vicio de ler. Na lectura sempre é así: hai alguén que te contaxia.

E como vira escritor ese lector?
O de escribir foi de casualidade. Escribía diarios de lecturas, de películas, algún ensaio publicado nas revistas ciclostiladas do cineclube da Coruña... Coa introdución do galego no ensino, Xerais encargounos a nós, os once do grupo Avantar, que elaborásemos os manuais de lingua. Non tiña nada que ver co que se fai agora. Eran sesións longuísimas nas que case o de menos era o manual. Toda a fin de semana comendo xuntos e falando de todo, analizándoo todo. Estaba todo por facer. As lecturas para escolares que había eran moi escasas e non encaixaban nos temas e nos valores que considerabamos motivadores para o ensino. Alguén tiña que facelas, e ese alguén fun eu. O resto vén dado. En Xerais abren unha colección de libros para o público infantil, pregúntanme se teño algo, téñoo, publícoo, logo recunco, danme un par de premios, o Merlín e o Lazarillo... Iso deume certos azos, aínda que tardei en asumilo. De feito, logo de gañar o Lazarillo, no canto de poñerme a escribir unha nova novela, embarqueime nun libro ruinoso, un ensaio ambicioso sobre a utilización didáctica dos cómics. Alá me tirei un ano da miña vida cun libro que nin se vendeu nin tivo repercusión ningunha. Non era a fición o que máis me interesaba, pero pouco e pouco o veleno da narración, o gusto por crear personaxes, foise impoñendo a todo o demais.

Os libros de fronteira como *O único que queda é o amor*

ENTREVISTA A AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

é o máis cerca que Agustín Fernández Paz vai estar do lectorado adulto?
Carlos Ruiz Zafón comeza gañando o premio Edebé de literatura xuvenil, escribe dous libros máis para o mesmo público e logo publica unha cuarta novela xuvenil, pero que se publica nunha colección para adultos, que se chama *La sombra del viento*. Eu aspiro a chegar a todos os lectores, pero estou marcado. É a tiranía do paratexto. Un libro, se paga a pena, tenlle que interesar a un lector mozo e a un lector adulto. O que define a literatura xuvenil, e isto non é meu, senón de Emili Teixidor, non é nin o tema nin os personaxes, senón as cuestións formais. Unha novela podémola considerar xuvenil se non ofrece dificultades a un lector en formación como é o lector mozo. E engade Teixidor: tamén hai lectores en formación entre os lectores adultos. Así é como se explica ese paradoxo.

Daquela, a maioría dos best-sellers serían novelas para lectores adultos en formación.
Claro, porque a formación lectora faise ao longo de toda unha vida, e non todos chegamos ao estadio máis desenvolvido. É claro que o *Ulises* de Joyce non é literatura xuvenil, pero as de Auster, por que non? *El palacio de la luna* non é unha novela xuvenil? Pois aos mozos encántalles. Na literatura xuvenil hai moita merda, por suposto, pero tamén hai unha serie de libros de fronteira que se botan a perder polos prexuízos do lectorado adulto. Iso no cine xa non acontece. Está superado. Os críticos escriben sobre todo tipo de filmes. Na literatura, porén, o paratexto marca, e a min amólame. Hai novelas miñas que poderían ser publicadas para os adultos, como *Aire negro* ou *Tres pasos polo misterio* ou *O centro do labirinto*, e que están en coleccións para o público xuvenil e por iso non chegan ao público adulto. Hoxe hai máis xente que se achega a estes libros sen tantos prexuízos, pero non é abondo. E eu non quero caer na dinámica de publicar en coleccións de adultos, porque se o fago, podo perder os mozos e non teño por que. É máis fácil que se acheguen os maiores.

Acontécelle o mesmo ao cómic?
Iso *pasáballe* ao cómic. Dende que descubriron o truco da novela gráfica está no Olimpo dos deuses. Cada vez que me acordo de cando estaba en Barcelona e tiña que agochar os tebeos debaixo do xersei para que non mos vise a progresía...

E que hai do infantoxuvenil, que é máis un totalizador académico que un concepto de uso público?
Eu contra iso a única arma que teño é facer cada libro o mellor posíbel e confiar en que as cousas cambien.

Fai literatura de homes?
A maioría das protagonistas das miñas novelas son mulleres, e non penso ir ao psicanalista para saber por que. Atópome máis cómodo nesas voces. Teño pensado no asunto, ollo. Non sei se é polas moitas amigas que teño, se é porque con elas falamos a calzón quitado, cos sentimentos por fóra... Non o sei. Ao primeiro era consciente. As miñas alumnas queixábanse de que non había libros con mulleres diante e había que facer algo, pero logo volveuse algo natural. Fago por tanto literatura de mulleres? Fago literatura. Nada máis.

Pos en cuestión a construción de xénero nesas personaxes femininas?
As miñas personaxes cambiaron porque agora teñen máis arestas e ao principio eran máis planas. Con todo, teñen moito de min. Sempre hai fíos do autor nas voces dunha novela, pero non creo que se perciban masculinas. En esencia, deixando á parte as diferenzas, somos persoas. E tampouco podo ocultar que fun durante moitos anos, dende a morte de Franco, un compañeiro de viaxe da causa feminista.

Cal foi o libro que máis lle custou escribir?
Aire negro e *Corredores de sombra*. Son dúas novelas que creo que obxectivamente se defenden ben en calquera ámbito. E logo *O único que queda o amor*. Son os libros dos que me sinto máis orgulloso dende o punto de vista técnico.

E sentimentalmente?
Iso é distinto. Cada libro remite a unha época da túa vida. Non sei. Ao mellor hai épocas nas que estás dominado pola tristeza, como pode ser *Noite de voraces sombras*. Hai xente á que lle gusta moito, pero a min paréceme máis sólida *Corredores de sombra*.

Cos premios tamén acontece?
Un non pode esquecer a emoción dos primeiros. Son o sinal de que á xente lle gusta o que escribes. Agora cambiou todo, pero antes presentábaste nunha arroutada. Logo descobres que os gañas, como me pasou a min co Lazarillo. Todo o que eu diga dos premios... Fun moi afortunado. Tamén fun xurado, e sei que a diferenza entre un gañador e un finalista, ás veces, é un combinado de cousas aleatorias.

"NON QUERO PUBLICAR EN COLECCIÓNS PARA ADULTOS, PORQUE PODERÍA PERDER AOS LECTORES MÁIS MOZOS"

"ESTE NADAL, POR VEZ PRIMEIRA, VIN UN LIBRO MEU NUN GRAN ESCAPARATE. NON PARECÍA GALEGO"

Un escritor veterano presentándose a un premio en Galicia é un contrasentido?
Eu pechei a billa logo de gañar o Edebé de literatura infantil. A partir de aí considerei que a fortuna xa me favorecera en exceso e que non tiña sentido presentarse a máis. Cumprino, pero seguiron chegando os premios, iso si, a obra publicada. Cada quen que faga o que queira, pero véxolle pouco sentido presentarme a un premio. Cando publico un libro xa se promociona o suficiente. Os cartos sempre veñen ben, pero o fundamentel sempre é a visibilidade. Os meus libros vense, na medida en que se poden ver, claro.

Cal é esa medida?
O libro galego ten un plus de visibilidade motivado pola minusvaloración social da lingua. Hai algunhas librarías que non, pero en moitas os libros galegos están no que eu chamo "a reserva india". As grandes promocións nunca será dun libro noso, entre outras cousas porque a nosa industria editorial ten as dimensións que ten. Ás veces buscar un libro galego é unha aventura de Indiana Jones. Este Nadal vin por primeira vez un libro meu nun escaparate. Levei unha sorpresa. Non parecía galego. Con todo, avanzamos moito. Eu recibo moitísimas cartas de lectores. Aí percibes que hai alguén, e a min emocióname.

Como reciben as outras literaturas a Fernández Paz?
Ben, en xeral moi ben. En catalán, por exemplo, eu mesmo estou abraiado. Creo que hai dúas razóns: primeiro, que publico en Bromera, unha editorial de Valencia cun dinamismo exemplar; segundo, que me traduce un tipo que se chama Josep Franco que, sinceramente, me mellora as novelas [ri].

Cómodo na súa condición de best-seller?
Eu son un escritor que escribe en galego e que non renuncia a iso, e non porque non mo pediran en España, pero percibo que os meus libros son moi lidos en Galicia, tamén por castelán falantes. Recibo moitas cartas. Os lectores fálanme das novelas. Por que gustan os libros? Pois non o sei.

Ás homenaxes, a diferenza dos premios, non se concorre.
Non, iso só quere dicir que vas vello. Con todo, sempre son mellores en vida. ■

Agustín Fernández Paz, durante a conversa